

Guía informativa

A caza en Galicia

2011 • 2012



XUNTA DE GALICIA



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

UNI N EUROPEA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

XUNTA DE GALICIA
Consellería do Medio Rural

Extracto da Orde do 7 de xuño de 2011 pola que se determinan as épocas hábiles de caza durante a tempada 2011-2012; publicada no Diario Oficial de Galicia nº 116, do venres, 17 de xuño de 2011.

- 1.** A orde regula os períodos hábiles de caza, as especies sobre as que se poderá exercer esta, os métodos autorizados para a súa práctica e as limitacións xerais ou particulares que afectarán o exercicio da actividade cinxética no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia durante a tempada 2011-2012.
- 2.** A caza poderase exercer unicamente sobre as especies de aves e mamíferos que se relacionan no anexo IV do Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia.
- 3.** O período hábil para exercer a caza, válido con alcance xeral, será o comprendido entre os días 16 de outubro de 2011 e o 6 de xaneiro de 2012, ambos inclusive, na Comunidade Autónoma de Galicia, coas excepcións que para cada especie se sinalan na orde.
Os días da semana nos que se permitirá o seu exercicio dependerán de que se trate dunha ou doutra das modalidades de caza menor ou maior, conforme o que se determina na orde, e con carácter xeral os días hábiles de caza serán (menor e maior) os xoves, domingos e festivos de carácter estatal ou autonómico.
- 4.** Os medios e métodos non autorizados con carácter xeral para exercer a caza, son os que figuran no artigo 32 do Regulamento de caza.
- 5.** Só poderán ser obxecto de venda ou comercio as especies silvestres cazables que se relacionan no anexo II da orde.
- 6.** A posta en liberdade de animais silvestres vivos de carácter cinxético requirirá a autorización previa do Servizo de Conservación da Natureza da provincia correspondente, conforme o artigo 31 da Lei 4/1997 de caza de Galicia.

A partir do 11 de setembro de 2007, para acadar obter a primeira licenza de caza, débese ter en conta o establecido na Orde do 1 de xuño de 2007 pola que se regula o exame do cazador na Comunidade Autónoma de Galicia.

OUTRAS LIMITACIÓNS DE CARÁCTER XERAL

- 1.** De acordo co Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais, quedan prohibidos os aproveitamentos e a repoboación cinexética en terreos queimados durante un período de tres anos dende a data do lume, salvo autorización expresa da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, logo de informe favorable da Dirección Xeral de Montes.
- 2.** Naqueles terreos de réxime cinexético común nos que, en virtude do establecido no artigo 9.3.º da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza, de Galicia, estea permitido o exercicio da caza ao contar cunha superficie continua superior ás 500 ha a cota máxima por cazador e día será dunha perdiz rubia e dous coellos.
- 3.** Nunca se poderá incluír como pezas de caza:
 - a)** As femias de especies de caza maior cando vaian acompañadas das súas crías.
 - b)** Os machos inmaduros das especies de corzo, cervo e gamo.
 - c)** Os machos adultos que efectuasen a esmouca antes de cerramento do seu período hábil de caza.



RÉXIMES ESPECIAIS POR ESPECIES

CAZA MENOR					
Especie	Período hábil		Días hábiles	Modalidades	Observacións
	Dende	Ata			
Arcea e agacha	16/10/11	06/01/12	X, D, e F	Empregadas en caza menor	Poderase prolongar o período hábil ata o 05/02/12, en T.R.C.E.P., despois de solicitude acompañada dun plan de aproveitamento cinexético aprobado. Cota de capturas por cazador e xornada de caza.
Charrela	Prohibida a súa caza				
Lebre	16/10/11	04/12/11	X, D, e F	Empregadas en caza menor	En terreos de réxime cinexético especial.
Raposo	28/08/11	15/10/11	X, S, D e F	Gancho	<ul style="list-style-type: none"> - máximo 15 escopetas por xornada - máximo 10 pezas por cazador e día - Tecor cunha superficie útil para a especie comprendida entre 2.000 e 5.000 Ha, - 1,50 cuarteis cunha superficie máxima de 1.000 Ha - Tecor cunha superficie útil para a especie comprendida entre 5.000 e 10.000 Ha, - 2 cuarteis cunha superficie máxima de 1.000 Ha - Tecor cunha superficie útil para a especie > 10.000 Ha, 3 cuarteis cunha superficie máxima de 1.000 Ha cada un deles - Terreos coa cilleita realizada na súa maior parte - Tecor con vixilancia.
	16/10/11	6/01/12	X, D e F	Empregadas en caza menor e gancho	
	7/01/12	05/02/12	X, S, D e F	Gancho	
Paspallás	20/08/11	11/09/11	S e D	Empregadas en caza menor	<p>Poderase autoriza-la súa caza nos Tecor da antiga Lagoa de Antela (anexo III da orde), con plan técnico de caza, coas seguintes condicións e coas medidas especiais que</p> <ul style="list-style-type: none"> - máximo 15 escopetas por xornada - máximo 10 pezas por cazador e día - Tecor cunha superficie útil para a especie comprendida entre 2.000 e 5.000 Ha, - 1,50 cuarteis cunha superficie máxima de 1.000 Ha - Tecor cunha superficie útil para a especie comprendida entre 5.000 e 10.000 Ha, - 2 cuarteis cunha superficie máxima de 1.000 Ha - Tecor cunha superficie útil para a especie > 10.000 Ha, 3 cuarteis cunha superficie máxima de 1.000 Ha cada un deles - Terreos coa cilleita realizada na súa maior parte - Tecor con vixilancia.
Pombo torcaz e rula común	16/10/11	6/01/12	X, D, e F	Empregadas en caza menor	<p>Poderase autoriza-la súa caza xunto co paspallás nos Tecor da antiga Lagoa de Antela (anexo III da orde), con plan técnico de caza, coas seguintes condicións e coas medidas especiais que estime o Servizo de Conservación da Natureza:</p> <ul style="list-style-type: none"> - máximo 15 escopetas por xornada - Tecor con vixilancia - Cota de capturas de 5 exemplares por cazador e xornada de caza.
	20/08/11	11/09/11	S e D	Empregadas en caza menor	
Tordo real, tordo galego, tordo malvis, e tordo charlo	16/10/11	6/01/12	X, D, e F	Empregadas en caza menor	Prolóngase o período hábil de caza para estas especies ata o 29/01/12, na superficie dos tecores incluída nos concellos de Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Tomiño, O Rosal e Tui da provincia de Pontevedra.
Pato cullerete, rula turca, gaiwota escura, pomba brava, pomba zura e gralla cereixeira	Prohibida a súa caza				
Resto das especies de menor	16/10/11	6/01/12	X, D e F	Empregadas en caza menor	<p>Son as que aparecen na relación de especies cazables do anexo IV do Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia</p>

RÉXIMES ESPECIAIS POR ESPECIES

CAZA MAIOR							Observacións
Especie	Perfodo hábil		Días hábiles	Modalidades	Dias hábiles	Ata	
	Dende	Ata					
Corzo	♂	01/04/12	31/07/12	Todos	Axexo		Con plan de ordenación cinexética aprobado, poderán autorizarse outras idades.
	♂	28/08/11	15/10/11	S, D e F	Axexo, gancho e montaría		
	♀	25/09/11	15/10/11	S, D e F	Axexo, gancho e montaría		
Xabaril	T.R.C.C ⁽¹⁾	20/08/11	19/02/12	S	Gancho e montaría		Mentres se está cazando o corzo, cervo, gamo ou muflón ao axexo, pódese disparar a exemplares de xabaril con autorización expresa dos servizos provinciais de Conservación da Natureza.
	T.R.C.E ⁽²⁾	20/08/11	19/02/12	X, S, D e F			
Cervo, gamo e muflón		11/09/11	08/10/11	Todos	Axexo		Machos adultos e femias adultas en descaste en T.R.C.E ⁽²⁾ , previa autorización dos servizos de Conservación da Natureza, derivada da presentación dun plan de aproveitamento cinexético.
		09/10/11	19/02/12	X, S, D e F	Axexo, gancho e montaría		
Cabra montesa				Prohibida a súa caza			
Rebezo		01/09/11	30/11/11	Todos	Axexo		Na Reserva de Caza dos Ancares

(1) T.R.C.C= terreos con réxime cinexético común

(2) T.R.C.E= terreos con réxime cinexético especial

OUTRAS REGULACIÓN

OUTRAS REGULACIÓN				Observacións
	Periodo		Días hábiles	
	Desde	Ata		
Adestramento de cans.	01/09/11	15/10/11	X, S, D e F	4 cans por cazador e 16 por grupo constituído por un máximo de 6 cazadores.
	16/10/11	06/01/12	X, D e F	
Adestramento de cans en zonas destinadas a ese fin.	Todo o ano, agás os meses de cría		Todos	Os meses de cría das especies presentes na zona, serán propostos polo titular do espazo cinexético no plan anual de aproveitamento escollidos entre o mes de abril e xullo, entendéndose no seu defecto, que corresponde este período cos meses de maio e xuño.
Adestramento na modalidade de cans atrelados, en T.R.C.E	Todo o ano, agás os meses de cría (determinanse igual que no parágrafo superior)		Todos	Condicións: ter o can atrelado e controlado en todo momento, non molestiar en ningún caso as especies cinexéticas, non acercarse ao cocho da peza, un can por cazador e coa autorización do titular do aproveitamento cinexético.
Zonas de caza permanente	Todo o ano		Todos	Caza sementada de paspallás e perdiz, tamén se poderá autorizar o coello de monte e faisán.

CAZA POR DANOS				Observacións
Especies	Periodo		Días hábiles	
	Dende	Ata		
Lobo	Todo o ano, agás nos meses de abril, maio e xuño, nos que a especie está criando.		Segundo modalidade e época do ano	Danos constatados
Xabaril	Todo o ano		Segundo modalidade e época do ano	Danos constatados
Corzo	Todo o ano		Segundo modalidade e época do ano	Danos constatados

CALENDARIO CINEXÉTICO CAZA MAIOR													
Especies	Modalidades	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Mato	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
Corzo	Axexo ♂												
	Axexo, G. e M. ♂												
	Axexo, G. e M. ♀												
Xabaril	Gancho e Montaría												
Cervo, gamo e mullón	Axexo												
	Axexo, G. e M.												
Rebezo	Axexo												

CALENDARIO CINEXÉTICO CAZA MENOR													
Especies	Modalidades	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Mato	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
Arces e agacha	Caza menor												
Lebre	Caza menor												
Raposo	Gancho												
	Caza menor												
Paspallás	Caza menor												
Pombo forcaz e rula común	Caza menor												
Tordos	Caza menor												
Resto de especies de caza menor	Caza menor												

Nos Tecor da antiga Lagoa de Antela



Tecor incluídos nos concellos de Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Tomiño, O Rosal e Tui



En T.R.C.E. con plan de aproveitamento aprobado

RELACIÓN DE ESPECIES CAZABLES NO TERRITORIO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA NA TEMPADA 2011-2012

MAMÍFEROS

Cabra



Muflón⁽¹⁾



Rebezo



Raposo



Cervo



Xabaril



(1) Especie incluída no convenio de Washington

MAMÍFEROS

Lobo



Corzo



Lebre



Gamo



Coello



Visón americano




RELACIÓN DE ESPECIES CAZABLES NO TERRITORIO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA NA TEMPADA 2011-2012

AVES

ANÁTIDAS



GALIFORMES



COLÚMBIDOS E CÓRVIDOS



(2) Só os exemplares procedentes de explotacións industriais

AVES

ANÁTIDAS E RÁLIDAS



Cerceta Común



Galiñola Negra

LÁRIDOS E LIMÍCOLAS

Gaivota Clara



Gaivota Escura



Arcea



Gaivota Chorona



Agacha



Avefría



TÚRDIDOS E OUTROS

Tordo Real



Tordo Charlo



Estorninho Pinto




Tordo Común



Tordo Malvís



TERREOS NOS QUE SE PROHIBE O EXERCICIO DA CAZA




NOTA:

Para obter unha maior definición na delimitación de ditas zonas está previsto que se poidan consultar na páxina web da Xunta de Galicia.

Así mesmo, pode obterse no departamento territorial da Consellería do Medio Rural correspondente, a delimitación de ditas zonas en formato papel.

- 1.** Arquipélago de Sálvora, pertencente ao Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.
- 2.** Parque Natural de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (Ribeira).
- 3.** Lagoa de Louro (Muros).
- 4.** Illas Sisargas (Malpica de Bergantiños).
- 5.** Lagoas de Xuño, S. Pedro de Muro e toda a zona costeira occidental atlántica de Porto do Son.
- 6.** Lagoa de Doniños (Ferrol).
- 7.** Lagoa da Frouxeira (Valdoviño).
- 8.** Monte S. Xurxo (Ferrol).
- 9.** Encoro de Cecebre.
- 10.** Encoro de Sabón.
- 11.** Brañas de Sada (Sada).
- 12.** Ría de Ortigueira e Ladrado.
- 13.** Encoro de Ribeira (As Pontes de García Rodríguez).
- 14.** Ría de Ferrol: dende a Ponte das Pías ata a desembocadura do río Xubia.
- 15.** Marismas de Baldaio.
- 16.** Enseada da Ínsua (Ponteceso).
- 17.** Lagoa de Traba (Laxe).
- 18.** Marismas de Betanzos ata o Pazo de Mariñán.
- 19.** Estación cinexética de Cerqueiros (Monfero).
- 20.** Marisma de Carnota (Carnota).
- 21.** Encoro de Vilagudín (Cerceda, Ordes e Tordoia).
- 22.** Encoro de Vilasenín (Cerceda e Ordes).
- 23.** Montes veciñais en mancomún Xián, Furiño, Gándara, Reviratorta e Reboredo, das parroquias de Colúns (San Salvador) e Arcos (Santiago), do concello de Mazaricos.
- 24.** Predio do mosteiro de Sobrado dos Monxes (Sobrado dos Monxes).
- 25.** Zona do Barbanza segundo límites que constan na orde e delimitación no terreo.
- 26.** Terreos no concello de Sobrado segundo límites que constan na orde e delimitación no terreo.
- 27.** Marismas de Dodro.

TERREOS NOS QUE SE PROHIBE O EXERCICIO DA CAZA



1. Xunqueiras e Ría do Eo.
2. Monte Fraga Vella (Abadín e Mondoñedo).
3. Terreos de Espiñeira e Lagoa de Cospeito (Cospeito)
4. Monte do Veral (Lugo).
5. Monte Paramedela (Pobra de Brollón).
6. Monte Bibeí (Quiroga).
7. Devesa de Rogueira (Moreda - O Courel).
8. Ría de Foz.
9. Veiga de Pumar (Castro de Rei).
10. Lagoas do Pedroso (Begonte).




NOTA:

Para obter unha maior definición na delimitación de ditas zonas está previsto que se poidan consultar na páxina web da Xunta de Galicia.

Así mesmo, pode obterse no departamento territorial da Consellería do Medio Rural correspondente, a delimitación de ditas zonas en formato papel.

1. Encoro de Castrelo de Miño (Ribadavia, Castrelo de Miño e Cenlle).
2. Parque Natural do Invernadeiro (Vilariño de Conso).
3. Predio Salgueiros, pertencente ó Parque Natural da Baixa Limia - Serra do Xurés (Muíños).
4. Parque Natural da Baixa Limia - Serra do Xurés.
5. Zona de influencia de explotación de áridos da comarca da Limia (Sandiás).
6. Predios da Edreira e As Nabuíñas (Laza).
7. Zonas de reserva integral do Parque Natural Serra da Enciña da Lastra.



NOTA:

Para obter unha maior definición na delimitación de ditas zonas está previsto que se poidan consultar na páxina web da Xunta de Galicia.

Así mesmo, pode obterse no departamento territorial da Consellería do Medio Rural correspondente, a delimitación de ditas zonas en formato papel.

1. Parque Natural das Illas Cíes e na illa de Ons.
2. Augas mariñas, illotes e zona litoral de dominio público da Enseada de San Simón (Vilaboa, Pontevedra, Soutomaior e Redondela).
3. Augas mariñas, illotes e zona litoral de dominio público, e zona marítimo-terrestre do Complexo Intermareal do Umia-O Grove-A Lanzada-Punta Bodeira.
4. Gándaras de Budiño (Porriño).
5. Encoro de Pontillón do Castro (Pontevedra).
6. Punta Carreirón (Illa de Arousa).
7. Baixo Miño e Illa Canosa (A Guarda e O Rosal).
8. Illa Canosa e morraceira do Grilo (A Guarda e O Rosal).
9. Parque Natural do Monte Aloia (Tui).
10. Zona do Val Miñor (Gondomar, Nigrán e Baiona).
11. Xunqueira de Alba (Pontevedra).



NOTA:

Para obter unha maior definición na delimitación de ditas zonas está previsto que se poidan consultar na páxina web da Xunta de Galicia.

Así mesmo, pode obterse no departamento territorial da Consellería do Medio Rural correspondente, a delimitación de ditas zonas en formato papel.

CONDICIÓN:

Para o exercicio da caza nestas zonas atenderase ao establecido nas seguintes normas:

- Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, modificada pola Lei 6/2006, do 23 de outubro.
- Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia.
- Orde do 7 de xuño de 2011, pola que se determinan as épocas hábiles de caza durante a tempada 2011-2012.



NOTA:

Para obter unha maior definición na delimitación de ditas zonas está previsto que se poidan consultar na páxina web da Xunta de Galicia.

Así mesmo, pode obterse no departamento territorial da Consellería do Medio Rural correspondente, a delimitación de ditas zonas en formato papel.

CONDICIÓN:

Para o exercicio da caza nestas zonas atenderase ao establecido nas seguintes normas:

- Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, modificada pola Lei 6/2006, do 23 de outubro.
- Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia.
- Orde do 7 de xuño de 2011, pola que se determinan as épocas hábiles de caza durante a tempada 2011-2012.




NOTA:

Para obter unha maior definición na delimitación de ditas zonas está previsto que se poidan consultar na páxina web da Xunta de Galicia.

Así mesmo, pode obterse no departamento territorial da Consellería do Medio Rural correspondente, a delimitación de ditas zonas en formato papel.

TERREOS SUXEITOS A RÉXIME CINEXÉTICO COMÚN




NOTA:

A delimitación dos terreos baixo réxime cinxético común que se amosa, está suxeita a posibles variacións como consecuencia da resolución de expedientes administrativos que afecten á clasificación destes terreos a efectos cinxéticos.

CONDICIÓN:

Para o exercicio da caza nestas zonas atenderase ao establecido nas seguintes normas:

- Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, modificada pola Lei 6/2006, do 23 de outubro.
- Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia.
- Orde do 7 de xuño de 2011, pola que se determinan as épocas hábiles de caza durante a tempada 2011-2012.




NOTA:

Para obter unha maior definición na delimitación de ditas zonas está previsto que se poidan consultar na páxina web da Xunta de Galicia.

Así mesmo, pode obterse no departamento territorial da Consellería do Medio Rural correspondente, a delimitación de ditas zonas en formato papel.

TERREOS SUXEITOS A RÉXIME CINEXÉTICO COMÚN



NOTA:

A delimitación dos terreos baixo réxime cinxético común que se amosa, está suxeita a posibles variacións como consecuencia da resolución de expedientes administrativos que afecten á clasificación destes terreos a efectos cinxéticos.

CONDICIÓN:

Para o exercicio da caza nestas zonas atenderase ao establecido nas seguintes normas:

- Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, modificada pola Lei 6/2006, do 23 de outubro.
- Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia.
- Orde do 7 de xuño de 2011, pola que se determinan as épocas hábiles de caza durante a tempada 2011-2012.



NOTA:

Para obter unha maior definición na delimitación de ditas zonas está previsto que se poidan consultar na páxina web da Xunta de Galicia.

Así mesmo, pode obterse no departamento territorial da Consellería do Medio Rural correspondente, a delimitación de ditas zonas en formato papel.

Con carácter xeral queda prohibido para a práctica da actividade cinexética a utilización de:

- a)** Todo tipo de cebos, gases ou substancias velenosas, paralizantes, tranquilizantes, atraentes ou repelentes, así como os explosivos salvo que formen parte de municións autorizadas para a caza.
- b)** Os aparatos electrizantes ou paralizantes.
- c)** Os faros, lanternas, espellos e outras fontes luminosas artificiais, menos nas esperas nocturnas autorizadas para sinalización.
- d)** As armas automáticas ou semiautomáticas cun cargador que poida conter máis de dous cartuchos, as de aire comprimido e as provistas de silenciador ou de visor para o disparo nocturno, así como as que disparen proxectís que inxecten substancias paralizantes; os rifles do calibre vinte e dous, as balas explosivas e os cartuchos de postas, enténdese por postas aqueles proxectís introducidos nos cartuchos en número de dous ou máis e cun peso unitario que sexa igual ou superior a dous gramos e medio.
- e)** As aeronaves de calquera tipo ou os vehículos terrestres motorizados así como as embarcacións a motor como lugar desde onde realizar os disparos.
- f)** Os lazos e anzois, así como todo tipo de trampas e cepos, incluído costelas, perchas ou béstas, fosos, nasas e alares.
- g)** O arbolillo, as varetas, as rametas, as barracas, parayns e todo tipo de medios ou métodos que impliquen o uso da liga.
- h)** Todo tipo de redes ou de artefactos que requiran para o seu funcionamento o uso de mallas, como as redes abatibles, as redes-néboa ou verticais e as redes canón.
- i)** Os reclamos de especies protexidas, vivos ou naturalizados, e outros reclamos vivos cegados ou mutilados, así como todo tipo de reclamos eléctricos ou mecánicos, incluídas as gravacións.
- l)** Calquera outro medio masivo ou non selectivo para a captura ou morte de pezas de caza.

- Cazar empregando armas de fogo sen ter acadada a maioría de idade penal ou ir acompañado por algún cazador maior de idade.
- Cazar sen estar provisto da documentación preceptiva ou sen levala consigo.
- Utilizar medios de caza que precisen autorización especial sen ter o correspondente permiso.
- A tenencia e utilización de tódolos procedementos de caza masivos ou non selectivos, así como aqueles que puidesen causar localmente a desaparición dunha especie cinexética ou indirectamente dunha especie incluída nalgún dos catálogos de especies ameazadas, ou alterar significativamente a estabilidade das súas poboacións e dos ecosistemas dos que forman parte.
- Cazar aves acuáticas desde embarcacións de motor ou utilizar estas para espanta-las aves durante a tirada.
- O exercicio da caza en terreos que constitúan núcleos urbanos ou rurais, vilas, xardíns, parques destinados ó uso público, recintos deportivos, instalacións fabrís ou industriais, estradas, vías férreas, terreos cercados ou calquera outro lugar que sexa declarado non cinexético por razón das súas especiais características.
- O exercicio da caza nas zonas de seguridade.
- Disparar en dirección ás zonas de seguridade sempre que o cazador non se encontre separado delas por unha distancia maior da que poida alcanza-lo proxectil ou que a configuración do terreo intermedio sexa de tal maneira que resulte imposible alcanza-la zona de seguridade.
- Con carácter xeral prohibese a caza en augas públicas nos seus leitos e marxes, salvo cando concorran circunstancias especiais, de modo permanente ou temporal, nas que a Consellería do Medio Rural poderá autoriza-la caza nestes lugares, difundindo publicamente esta decisión e sinalizando debidamente os terreos e as augas afectadas. Para os únicos efectos de determina-las zonas de seguridade nas que se prohibe o exercicio da caza, prohibese unicamente nas marxes daquelas que superen os tres metros de largo.
- Cando se trate de augas públicas, cos seus leitos e marxes, que atravesen ou limiten terreos sometidos a réxime cinexético especial non se poderá cazar nelas, excepción feita do caso de que os titulares de tales terreos dispoñan das autorizacións pertinentes da Consellería do Medio Rural e das demais entidades competentes.
- Cazar nos carreiros e camiños rurais pouco transitados, destinados ó paso

a pé e ó uso agrícola ou forestal, salvo que as condicións de seguridade o permitan.

- O exercicio da caza en terreos que non acaden polo menos cincocentas hectáreas de superficie.
- O exercicio da caza nos lugares declarados como refuxios de fauna, sen prexuízo de que por circunstancias especiais, suficientemente xustificadas a Consellería do Medio Rural acorde a súa autorización para especies determinadas.
- O exercicio da caza nos terreos cercados non acollidos ó réxime cinexético especial.
- Cazar en terreos que carezan de plan de ordenación cinexética ou de plan de aproveitamento cinexético anual e que teñan a obriga legal de telos.
- Cazar en liña de retranca, tanto que se trate de caza maior coma menor.
- Cazar en refuxios de fauna, en terreos vedados temporal ou permanentemente en razóns de plans cinexéticos legalmente aprobados ou en estacións biolóxicas ou zoolóxicas, agás que se estea en posesión dun permiso especial.
- Entrar en terreos sometidos a regulamentación cinexética especial debidamente sinalizados, sen o oportuno permiso, levando armas, cans ou artes dispostas para cazar.
- Circular con armas de caza cargadas e usalas no interior dos núcleos urbanos e rurais e noutras zonas habitadas ata o límite que acaden as últimas edificacións ou instalacións habitables, ampliando nunha franxa de cen metros en tódalas direccións.
- Circular con armas de caza cargadas e usalas no interior de vilas, edificios habitables illados, recintos deportivos, xardíns e parques destinados ó uso público, áreas recreativas e zonas de acampadas, nunha franxa de cen metros en tódalas direccións.
- Circular con armas de caza cargadas e usalas no caso de autoestradas, autovías, estradas nacionais, comarcais ou locais, nunha franxa de cincuenta metros de ancho a ámbolos dous lados da zona de seguridade.
- Portar armas de caza desenfundadas ou dispostas para o seu uso cando se circule polo campo en época de veda.
- Cazar con armas de fogo quen careza dos requisitos esixidos para iso ou non dispoña dos oportunos permisos.
- Dispararen con ningunha clase de armas os axotadores, batedores, secretarios ou podengueiros que asistan en calidade de tales a axotamentos, batidas ou monterías.

- Cazar con arma longa raiada ou empregar cartuchos de bala ou postas para especies de caza menor ou utilizar municións de perdigóns ou postas para a caza maior.
- Calquera outro sistema establecido ou que se estableza en disposicións legais ou regulamentarias.
- Ter cargadas as armas antes do momento de chegar á postura ou despois de abandonala nas monterías.
- Cazar en época de veda.
- Cazar fóra do período comprendido entre unha hora antes da saída do sol e unha hora despois do seu ocaso, agás nas modalidades de caza nocturna expresamente autorizadas.
- Cazar en tempo e lugares nos que, como consecuencia de incendios, epizootias, envelenamentos, inundacións, secas ou outras causas, os animais se ven privados dos seus hábitats e das súas facultades normais de defensa e obrigados a concentrarse en determinados lugares.
- Cazar en días de neve, cando esta cubra de forma continua o chan ou cando por causa dela queden reducidas as posibilidades de defensa das pezas de caza. Esta prohibición non lles será aplicable á caza maior de alta montaña nin a determinadas especies de aves migratorias nin a outras especies cinexéticas ás que a existencia de neve non lles reduza as súas posibilidades de defensa nas condicións que regulamentariamente se fixen.
- Cazar cando por circunstancias meteorolóxicas e calquera outra circunstancia estea reducida a visibilidade, de forma que poidan producirse perigos para as persoas ou para os seus bens.
- Cazar combinando a acción de dous ou máis grupos de cazadores ou facendo uso de medios que persigan o cansazo ou esgotamento das pezas, agás nos casos de batidas e monterías debidamente autorizadas.
- Cazar ó axotamento sen autorización expresa.
- Cazar, ter ou transportar especies non cinexéticas ou pezas de caza das que a súa idade ou sexo, sempre que sexan notorios, non concorden ou non cumpran os requisitos legalmente permitidos.
- Cazar con chamariz de perdiz, incumprindo as disposicións que regulen esta modalidade.
- Destruír tobeiras e niños, así como a recollida de crías ou ovos e a súa circulación e venda.
- Calquera práctica que tenda a alterar e alarmar, atraer ou espanta-la caza existente en terreos alleos.

- O desdoblamento de postos sobre o terreo nas modalidades de montería e axexo.
- Cazar con armas de fogo os axexadores, batedores, ou encargados dos cans que asistan en calidade de tales ás cacerías-monterías.
- Exercer outras modalidades de caza nos terreos nos que se autoriza unha montería ou gancho.
- Exercer a caza sobre especies de fauna que non sexan declaradas como pezas de caza.
- Cazar cun reclamo procedente doutra Comunidade Autónoma e non rexistrado en Galicia, sen autorización especial do Servizo provincial de Conservación da Natureza.
- Usar ou posuír sen autorización animais, aparellos, artes ou produtos aplicables á captura ou atracción de pezas de caza ós que se refire o punto anterior.
- Posuír en catividade individuos de especies cinexéticas de caza maior sen a oportuna autorización.
- Dispararlles ás pombas nos bebedoiros habituais ou a menos de mil metros dun pombal autorizado, sempre que a súa localización estea debidamente sinalada. Así mesmo, dispararlles ás pombas mensaxeiras e ás deportivas ou bochonas que teñan marcas regulamentarias.
- Cazar con aves de cetrería sen autorización dos Servizos Provinciais de Conservación da Natureza.
- Disparar sobre pezas de caza maior nas modalidades de caza menor ou viceversa, salvo autorización expresa.
- O tránsito de cans por terreos cinexéticos, salvo que estean acompañados polos seus donos e a unha distancia que lles permita mantelos baixo a súa vixilancia e control.
- A solta de espécimes de especies cinexéticas sen a autorización previa da Consellería do Medio Rural.
- Cazar servíndose de animais ou de calquera vehículo como medio de ocultación.
- Que os cazadores, acompañantes e auxiliares cambien ou abandonen os seus postos durante a cacería, salvo por razóns de forza maior e logo de aviso ós postos estremeiros, sempre que estes estean á vista.

Para poder practicar a caza é necesario estar en posesión e levar consigo os seguintes documentos:

- Licenza de caza.
- Seguro de responsabilidade civil do cazador.
- DNI.
- Permiso de armas, guía de pertenza.
- Outras autorizacións por razón de modalidade.

Os menores de idade para cazar con armas deben ir en compañía dalgún cazador maior de idade.

MODALIDADES CINEXÉTICAS

Require autorización a práctica cinexética das modalidades de gancho, montería, axexo, espera, cetrería e caza con arco.

Defínese:

- **Gancho:** é un lance de caza colectivo para a caza maior e a caza do raposo, cun mínimo de 10 cazadores e un máximo de 30 en postos, que se poden variar durante o lance. Poderanse utilizar ata 30 cans, en dous grupos como máximo, sen prexuízo dunha posterior confusión. Os cans poden ser acompañados por algúns cazadores no exercicio da caza.
- **Montería:** consiste en bater con axuda de cans unha mancha ou extensión de monte pechada por cazadores distribuídos en armadas e colocados en postos fixos. Neste caso os batedores non poderán portar armas de fogo. O número de cazadores en postos será entre 20 e 50 e o de cans, ata 5 mandas (ata 22 cans en cada unha).
- **Axexo:** consiste en que o cazador, co ánimo de abatela, busca a peza con axuda dun garda ou dun guía.

MODALIDADES CINEXÉTICAS: REQUISITOS

- Os ganchos e monterías, tanto a solicitude como a realización destes, estará suxeita aos requisitos, ás medidas precautorias, normas de seguridade e responsabilidades que preveña a Lei de caza de Galicia e o seu regulamento.
- Se por calquera circunstancia algún dos ganchos ou montería autorizados non se efectuase no lugar e data fixadas, en ningún caso se poderá trasladar a súa realización a outro día.
- Nos ganchos e monterías, o responsable deste, deberá levar no seu poder, en todo momento, a autorización correspondente deste e a relación completa encabezada por el, dos participantes cos respectivos nomes e números do DNI. Esta relación deberá estar confeccionada no momento da colocación dos cazadores nos postos.

IDENTIFICACIÓN DE CANS

- A identificación de todos os cans é obrigatoria.
- A identificación supón a marcaxe con microchip e o procesamento informático dos datos relativos á marcaxe.
- O microchip asígnalle ao animal un código de identificación individual que permite diferenciarlo doutro, relacionando a súa propiedade cunha persoa física ou xurídica.
- Os datos almacénanse nun sistema informático responsable da emisión e control dos códigos de identificación (Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía, REGIAC). A base de datos actúa como rexistro de censo e identificación.

Son obrigas básicas do propietario dun can:

- Cartilla sanitaria actualizada (vacinación e desparasitación).
- Implantación do microchip no can (a partir de 2 de xullo de 2003).
- Licenza municipal para a tenza (só para potencialmente perigosos).
- Inscripción no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos (só para potencialmente perigosos).

Lexislación: Decreto 90/2002, do 28 de febreiro.

Para máis información dirixirse a:

— Concello de residencia habitual
— Dirección Xeral de Conservación da Natureza Tfno.: 981 547 213 – 981 546 054
— Servizos provinciais de Conservación da Natureza
A Coruña: 981 184 539 • Lugo: 982 294 393 • Ourense: 988 386 569 • Pontevedra: 986 805 097
— Ou á páx. da Consellería do Medio Rural

RECOMENDACIÓN BÁSICAS PARA AXUDAR A MANTER O ESTADO DE SAÚDE DA FAUNA SILVESTRE

Coa cooperación e vixilancia de todos podemos axudar a manter a saúde das poboacións cinexéticas:

- Velando polo axeitado estado sanitario dos animais domésticos (principalmente gando en extensivo), que determina en gran medida o estado sanitario dos animais silvestres que comparten con eles territorio e alimentación.

- Censando, desparasitando e vacinando os cans de caza para evitar a diseminación de axentes patóxenos que poden afectar a outros carnívoros silvestres. O colectivo de cazadores abandona no monte todos os anos un número moi elevado de cans. As sociedades protectoras de animais e os concellos dotados de centros de recollida pódennles dar acollida aos cans que, a xuízo do dono, non son útiles para o exercicio da caza. Unha sociedade avanzada inclúe entre os seus principios o respecto aos animais.

O abandono de cans está penalizado pola Lei 1/1993 de Galicia, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro, e pode ser sancionado con multas de 301 a 3.005 euros. Darlles morte a estes animais correspóndelle a un facultativo veterinario mediante os métodos autorizados polo Decreto 153/1998, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro. A morte intencionada dun can por disparo pode ser sancionada con multas de 3.006 a 15.025 euros.

- Evitando e denunciando a proliferación de vertedoiros de lixo incontrolados e mantendo as medidas hixiénicas axeitadas nos vertedoiros controlados.

- Vixiando e comunicándolle á autoridade competente a existencia de explotacións pecuarias que liberen restos animais (animais mortos, vísceras, sangue...) ao ambiente.

- Evitando a entrada ou traslado de animais silvestres sen a pertinente autorización administrativa e a realización das análises e da corentena correspondente. As soltas de especies cinexéticas de caza menor requiren a conseguinte autorización administrativa. As soltas de especies cinexéticas de caza maior só se poden levar a cabo baixo decisión, estrito control e supervisión da Administración.

- As granxas cinexéticas e núcleos de cría deben estar en posesión da autorización de funcionamento da Consellería do Medio Rural.

- Ante a aparición no campo de animais mortos ou con síntomas evidentes de enfermidade, débese poñer rapidamente en contacto co Servizo Provincial de Conservación da Natureza ou coa Dirección Xeral de Conservación da Natureza, que lle informará dos pasos que hai que seguir para a realización das análises pertinentes. Se non recibe instrucións, se é posible, conxele as mostras.
- Se se sospeita dun envelenamento no que se poida ver implicada a fauna silvestre, débese poñer rapidamente en contacto co Servizo Provincial de Conservación da Natureza ou coa Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Conserve todo tipo de mostras e probas.
- Se algunha peza abatida presenta síntomas evidentes de enfermidade pode conxelala (se o tamaño da peza o permite) e solicitar unha análise de balde ao Servizo Provincial de Conservación da Natureza ou á Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

Estas medidas, entre outras, cumpridas coa colaboración de todos axudan a manter un ambiente máis saudable para a fauna silvestre, feito que finalmente repercute sobre todos nós.

RECOMENDACIÓNS HIXIÉNICO-SANITARIAS QUE HAI QUE TER EN CONTA NO MOMENTO DE MANIPULAR E INXERIR CARNE DE CAZA

Só poderá ser comercializada a carne de caza que proceda de establecementos expresamente autorizados e controlados sanitariamente (deberán cumprir as condicións sanitarias e de sanidade animal que establece o Real decreto 640/2006, do 26 de maio) e deberanse expoñer á venda debidamente marcadas e identificadas.

Pero se vostede, cazador, decide consumir as pezas cazadas, deberá ser prudente e ter en conta unhas normas mínimas de actuación:

• Protexa a súa saúde e a dos seus:

1. Un profesional veterinario especializado é quen mellor lle poderá aconsellar sobre as recomendacións hixiénico–sanitarias que hai que ter en conta.

2. Ao abater unha peza de caza maior é importante que o sangrado se efectúe rapidamente.
3. O animal cazado deberá permanecer o menor tempo posible no chan e deberase trasladar nun medio de transporte limpo a un lugar onde poida ser esfolado e eviscerado dun xeito hixiénico.
4. O esfolado e eviscerado realizarase preferiblemente co animal colgado polas patas traseiras, evitando o contacto da carne con superficies sucias e o acceso de insectos e roedores. Utilizaranse utensilios e vestimenta axeitados, lavados e desinfectados convenientemente.
5. É aconsellable non consumir a carne sempre que se observen síntomas ou exista sospeita dalgunha enfermidade.
6. A carne de xabaril deberase someter sempre a unha análise de triquina, levada a cabo por un veterinario.
7. Retíranse do consumo humano e do consumo animal as rachadelas producidas por mordedura de cans e polo uso de munición, así como as zonas adxacentes. Tamén as canais ou partes destas que presenten anomalías na súa consistencia, olor ou cor, así como as partes afectadas por lesións, abscesos e tumores.
8. As canais non se amontoarán, e arrefriaranse o antes posible por debaixo de 7°C, e manteranse a esta temperatura para evitar o crecemento microbiano.

• **Protexa o ambiente:**

1. As vísceras e os refugallos non comestibles non se deixarán abandonados no campo. Enterraranse de xeito que non poidan acceder a eles outros animais ou levaranse en contedores estancos a lugares onde se poidan tratar convenientemente.
2. Non lles dea nunca as vísceras crúas aos cans, xa que isto contribúe a manter ciclos parasitarios no ámbito familiar e no ambiente en xeral.
3. Cando detecte algunha enfermidade no animal comuníquello ao Servizo Provincial de Conservación da Natureza ou á Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

RECOLLIDA DE INFORMACIÓN SOBRE ESFUERZO DA CAZA E CAPTURAS DE ESPECIES CINEXÉTICAS

¿QUE É A RECOLLIDA DE INFORMACIÓN SOBRE ESFUERZO E CAPTURAS?

- É unha das principais contribucións do cazador á xestión cinexética.
- É unha vía sinxela, económica e fiable de realizar o seguimento continuado das poboacións cinexéticas, e así establecer unha regulación do aproveitamento máis proclive a proporcionar resultados satisfactorios para todos.
- É, polo tanto, o medio para conseguir unha útil e valiosa información a partir dun material biolóxico irrepetible extraído cada ano por quen practica a caza.

¿PARA QUE SERVE A RECOLLIDA DE INFORMACIÓN SOBRE CAPTURAS?

- Para que tanto os cazadores interesados como a Administración poidan dispor dunha información anual fiable sobre a abundancia e a produtividade natural das especies cinexéticas. A información é acumulativa e ano tras ano faise máis valiosa como instrumento de xestión.
- Para a aplicación dunha planificación coherente dos aproveitamentos, que axude a recuperar as poboacións de especies cinexéticas en declive, feito perseguido por cazadores e Administración.
- Para realizar un seguimento dos resultados que permita coñecer a utilidade das medidas de xestión e identificar as zonas máis aptas para a recuperación e dispersión de poboacións de especies cinexéticas.
- Para identificar os factores do medio que poidan contribuír á tendencia positiva das poboacións cinexéticas e tamén os que contribúen en sentido oposto, para o fin de que estes poidan ser atallados.

¿QUERE PARTICIPAR?

Esta información, achegada voluntariamente por cazadores interesados na racionalización da xestión da caza, será recollida e analizada mediante o SISTEMA DE SEGUIMENTO DE FAUNA CINEXÉTICA EN GALICIA.

Os resultados faranse públicos e encontraranse a disposición de todas aquelas persoas e asociacións colaboradoras.

¿COMO PODE VOSTEDE PARTICIPAR NO SISTEMA DE SEGUIMIENTO DE FAUNA CINEXÉTICA EN GALICIA?

***CON RESPECTO Á RECOLLIDA DE INFORMACIÓN EN CAZA MAIOR...**

A través dos impresos de resultados de cacerías e das capturas realizadas, que se facilitan con cada autorización de gancho e montaría, poderase obter unha información moi útil para unha posterior planificación coherente dos aproveitamentos.

É desexable, daquela, a máxima precisión para cubrir os impresos de resultados, que neste caso non son un simple trámite administrativo.

Na presente tempada de caza preténdese obter información que complemente a derivada do impreso para resultados de batidas. A gardería de Conservación da Natureza colaborará nesta tarefa complementaria.

***CON RESPECTO Á RECOLLIDA DE INFORMACIÓN EN CAZA MENOR... ¿QUERE SER CAZADOR COLABORADOR PARA O SEGUIMIENTO DA FAUNA CINEXÉTICA DE CAZA MENOR?**

O sistema de seguimento ten posibilidade de realizarse, grazas á colaboración voluntaria daqueles cazadores que estean dispostos a facer un seguimento do esforzo empregado e dos resultados obtidos en cada xornada cinexética.

Para tales efectos elaboramos unhas sinxelas táboas de caza en forma de caderno, fáciles de cubrir, que están dispoñibles nos servizos de Conservación da Natureza para todos aqueles cazadores que queiran achegar a súa valiosa cooperación na constitución do sistema de seguimento de poboacións cinexéticas en Galicia.

SE DECIDIU SER CAZADOR COLABORADOR DO SISTEMA DE SEGUIMIENTO DE FAUNA CINEXÉTICA DE CAZA MENOR, pónase en contacto directa ou telefonicamente co Servizo de Conservación da Natureza da súa provincia ou coa Dirección Xeral de Conservación da Natureza (véxanse os enderezos e teléfonos ao final desta guía) para que alí lle faciliten o seu caderno de caza e lle expliquen as sinxelas instrucións ao respecto. A súa colaboración será anónima se así o desexa, sen vínculos administrativos.

¿COMO PODE VOSTEDE PARTICIPAR NO SISTEMA DE SEGUIMENTO DE FAUNA CINEXÉTICA EN GALICIA?

* POR OUTRA PARTE, AS TRES PRIMEIRAS XORNADAS DE CAZA MENOR...

Son o momento máis axeitado e fiable para obter datos sobre produtividade natural das poboacións cinexéticas. Por esta razón a gardería de Conservación da Natureza efectuará unha recollida de información de carácter especializado neste momento, que necesitará da esperable colaboración dos cazadores.

¿QUE DEBE FACER SE LOCALIZA UN ANIMAL FERIDO NO CAMPO?

Un animal silvestre ferido precisa atención especializada, require tratamento sanitario e un manexo coidadoso que rehabilite con éxito o animal e que conclúa cunha solta posterior no medio natural.

Segundo o establecido no artigo 52.3 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, queda prohibido alterar e destruír a vexetación así como dar morte, danar, molestar ou inquietar intencionadamente os animais silvestres, sexa cal fose o método empregado; esta prohibición inclúe a retención e a captura en vivo, recolección e retención dos seus niños, das súas crías ou dos seus ovos, estes últimos aínda que estean baleiros. En relación con estes, quedan igualmente prohibidos a posesión, tráfico e comercio de exemplares vivos ou mortos ou dos seus restos, incluído o comercio exterior.

As ditas prohibicións serán de especial aplicación aos animais silvestres comprendidos nalgunha das categorías enunciadas no artigo 55. Como unha das excepcións ás ditas prohibicións, no artigo 62.1 da lei establécese que a caza e a pesca en augas continentais só se poderá realizar sobre as especies que regularmente se declaren como pezas de caza ou pesca, declaración que en ningún caso poderá afectar a especies incluídas no Listado de Especies en Réxime de Protección Especial.

Ao localizar un animal ferido no campo, débese pór en contacto inmediatamente co centro de recuperación de fauna silvestre da súa provincia ou, no seu defecto, co axente de Conservación da Natureza da zona ou co Servizo de Conservación da Natureza. Logo de establecido o contacto, o animal será recollido e trasladado ao centro de recuperación de fauna silvestre, nun prazo máximo de 24 horas. Baixo ningún concepto poderá quedar en posesión do animal.

Durante a espera o máis conveniente é que o animal permaneza nunha caixa de cartón do seu tamaño (se as características do animal o permiten) situada nun lugar silencioso, seco e temperado, lonxe de persoas ou outros animais.

Centros de Recuperación de Fauna Silvestre de Galicia

A Coruña

Centro de Recuperación de Fauna Silvestre
"Santa Cruz de Oleiros"-Oleiros.
Tfno.: 981 62 62 41

Ourense

Centro de Recuperación de Fauna Silvestre
"Alto do Rodicio"-Maceda. Tfno.: 988 27 00 54
Grupo de Acción Ecoloxista Outeiro
Seoane s/n O Carballiño
Tfno.: 988 27 00 54

Lugo

Centro de Recuperación de Fauna Silvestre
"O Veral"-Estrada de Friol-Lugo.
Tfno.: 982 20 77 05

Pontevedra

Centro de Recuperación de Fauna Silvestre
"Cotorredondo"-Vilaboa.
Tfno.: 986 68 02 38 / 908 08 69 05

PRÁCTICA CINEXÉTICA, ÉTICA E COMPORTAMENTO DO CAZADOR

- Empregue na práctica cinexética os métodos e artes permitidos, non utilice xamais veneno.
- Respecte as vedas e os animais protexidos.
- Identifique a peza antes de disparar nun exercicio responsable da caza e unha vez recoñecida e se é cazable, sempre que exista a posibilidade de cobrala.
- Limitar o exercicio da caza pode ser necesario para a conservación das especies.
- Respecte a fauna non cinexética.
- Leve controlados os cans que o acompañan.
- Non tire ao chan as caixas de cartuchos baleiras, nin as vaíñas da munición gastada.
- Non use perdigóns de chumbo como munición onde sexa posible, e en todo caso nas zonas que estean legalmente prohibidas.
- Reduza o transporte en vehículos por fóra das estradas e as pistas ao estritamente indispensable.
- Teña moito coidado ao prender lume, e deixe sempre apagados os rescaldos.
- Non tire nin rompa os elementos naturais asentados ou culturalmente integrados na paisaxe como sebes, valados ou bardas.
- Non tire, nin queime recipientes, envoltorios dos alimentos e conservas, cascos e envases de bebidas ou outros materiais utilizados na caza.
- Non utilice o campo para tiro ao branco ou proba de armas.
- Denuncie calquera infracción ecolóxica e avise dos accidentes e desastres.
- Procure divulgar e estender as pautas de comportamento e o coñecemento cinexético respectuoso dos animais e da natureza.
- Xere un código moral que persiga a pura caza honesta e comedida, intuitiva e xenerosa. Fágase un cazador libre, valoroso e xusto coa vida das especies que caza.

O cazador é o principal conservador da fauna,
debe actuar como tal e colaborar coa Administración

Servizos Provinciais de Conservación da Natureza

A CORUÑA

Praza de Luis Seoane, s/n, 5ª planta
15008 A Coruña
Tfnos.: 981 18 45 80 – 18 59 05
Licenzas: 981 18 45 77

LUGO

Ronda da Muralla, 70 1º
27002 Lugo
Tfno.: 982 29 45 22 – 29 49 77
Licenzas: 982 29 45 38

OURENSE

Rúa do Paseo, 18 – 5º andar
32003 Ourense
Tfnos.: 988 38 63 77 – 38 65 03
Licenzas: 988 38 65 11
Gardería: 682674922

PONTEVEDRA

Rúa Fernández Ladreda, 43 – 2ª planta
36071 Pontevedra
Tfnos.: 986 80 54 59 – 80 54 38
Licenzas: 986 80 54 67

Subdirección Xeral de Recursos Cinexéticos e Piscícolas

San Lázaro, 83

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Tfnos.: 981 54 61 14 – 54 61 15

Teléfonos Denuncias Infraccións:

Garda Civil (SEPRONA): 062

Policía Autonómica 981 54 64 74

Policía Autonómica (Delegacións):

- A Coruña: 981 15 34 10

- Lugo: 982 25 26 11

- Ourense: 988 24 12 00

- Pontevedra: 986 84 34 32

